

# Informe sobre a Enquisa Trimestral de Custo Laboral


Datos correspondentes ao primeiro trimestre de 2026

Data de publicación: 16/06/2026

## Principais resultados

- No primeiro trimestre do 2026, o custo laboral das empresas incrementouse un 3,7%, acadando os 2.884,98 euros en Galicia.
- O custo salarial situouse en Galicia en 2.071,24 euros, un 3,6 % máis que no mesmo trimestre de ano anterior.
- O custo laboral por hora efectiva aumenta un 5,7%.
- A xornada semanal media pactada é de 34,9 horas semanais.

### Custo laboral por traballador e mes. Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE.

## 1 Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral das empresas, que é o custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo, subiu un 3,7% en Galicia no primeiro trimestre do 2026, situándose nos 2.884,98 euros. En España acadou os 3.278,01 euros, un 4,9% máis que no mesmo trimestre do 2025.


### Custo laboral. Primeiro trimestre de 2026

Compoñentes do custo	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	2.884,98	3,7
Custo salarial total	2.071,24	3,6
Outros custos	813,74	4,1
Percepcións non salariais	90,32	10,8
Cotizacións obrigatorias	738,12	3,2
Subvencións e bonificacións	14,69	-2,7

Fonte: INE.

Nota: as subvencións detráense dos outros custos.

### Contribución á taxa de variación interanual do custo total



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 2.071,24 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 3,6%. En España, o custo salarial crece un 4,9%.
- Os **outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 813,74 euros en Galicia, co que aumentan un 4,1%; en España crecen un 4,8%, ata os 874,21 euros.

## 2 Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta na industria, na construción e nos servizos.


Na industria o custo total aumenta un 2,5%, sendo a taxa interanual do custo salarial total do 3,9%.

**Industria. Primeiro trimestre de 2026**

Compoñentes do custo	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	3.461,64	2,5
Custo salarial total	2.482,03	3,9
Outros custos	979,61	-0,8
Percepcións non salariais	90,77	-23,5
Cotizacións obrigatorias	899,30	2,5
Subvencións e bonificacións	10,46	15,5

Fonte: INE.

Nota: as subvencións detráense dos outros custos.

**Contribución á taxa de variación interanual do custo total**



O custo total na construción medra un 7,4%, variando o custo salarial total un 10,3% e os outros custos un 1,9%.

**Construción. Primeiro trimestre de 2026**

Compoñentes do custo	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	3.194,76	7,4
Custo salarial total	2.153,38	10,3
Outros custos	1.041,38	1,9
Percepcións non salariais	160,69	-12,6
Cotizacións obrigatorias	891,64	4,7
Subvencións e bonificacións	10,94	-15,5

Fonte: INE.

Nota: as subvencións detráense dos outros custos.

**Contribución á taxa de variación interanual do custo total**



Nos servizos o custo total incrementábase un 3,8%, sendo a variación interanual do custo salarial total do 3% e a dos outros custos do 5,9%.

**Servizos. Primeiro trimestre de 2026**

Compoñentes do custo	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	2.729,60	3,8
Custo salarial total	1.973,05	3,0
Outros custos	756,55	5,9
Percepcións non salariais	83,88	31,0
Cotizacións obrigatorias	688,65	3,3
Subvencións e bonificacións	15,97	-4,1

Fonte: INE.

Nota: as subvencións detráense dos outros custos.

**Contribución á taxa de variación interanual do custo total**


### 3 Tempo de traballo

No primeiro trimestre de 2026, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,9 horas semanais, e destas, pérdense 5,5 horas. En España, a xornada semanal pactada é de 34,8 horas, das que se perden 4,6 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 29,5 horas semanais en Galicia e de 30,3 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia un 5,7% e en España un 5,4%.

**Custo laboral por hora efectiva. Primeiro trimestre de 2026**

Compoñentes do custo	Euros		Taxa interanual	
	España	Galicia	España	Galicia
Custo laboral total	24,88	22,49	5,4	5,7
Custo salarial total	18,24	16,15	5,4	5,6
Outros custos	6,64	6,34	5,4	6,0


Fonte: INE.

Nota: as subvencións detráense dos outros custos.

## 4 Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra unha taxa do 3,5% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

### Custo laboral por traballador e mes. Taxas de variación interanual (%)




Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

## 5 Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a Madrid, que supera en 737,51 euros á media nacional, mentres que en Estremadura o custo laboral é inferior á media nacional en 628,98 euros.

O custo laboral aumenta en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos prodúcense en Cantabria (8,2%) e País Vasco (7,1%). Os menores crecementos rexístranse en Asturias (1,8%) e Illas Baleares (2,5%).

**Custo laboral total. Taxa de variación interanual (%). Primeiro trimestre de 2026**


Fonte: INE.

## 6 Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Estúdanse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

**Custo laboral:** custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

**Custo salarial:** comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

**Outros custos:** inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

**Hora efectiva:** son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

**Custo laboral por traballador e mes:** mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

**Custo laboral por hora efectiva de traballo:** mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

## 7 Anexo cadros

### Cadro 1: Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Primeiro trimestre de 2026

#### Galicia

Compoñentes do custo	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	2.884,98	3,7	3.461,64	2,5	3.194,76	7,4	2.729,60	3,8
Custo salarial total	2.071,24	3,6	2.482,03	3,9	2.153,38	10,3	1.973,05	3,0
Custo salarial ordinario	1.903,68	1,9	2.198,98	2,6	1.995,14	7,3	1.830,17	1,3
Outros custos	813,74	4,1	979,61	-0,8	1.041,38	1,9	756,55	5,9
Percepcións non salariais	90,32	10,8	90,77	-23,5	160,69	-12,6	83,88	31,0
Cotizacións obrigatorias	738,12	3,2	899,30	2,5	891,64	4,7	688,65	3,3
Subvencións e bonificacións	14,69	-2,7	10,46	15,5	10,94	-15,5	15,97	-4,1

#### España

Compoñentes do custo	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	3.278,01	4,9	3.779,65	3,0	3.209,66	6,9	3.200,34	5,2
Custo salarial total	2.403,80	4,9	2.746,96	3,1	2.210,87	7,3	2.361,97	5,2
Custo salarial ordinario	2.098,61	3,6	2.383,40	3,7	2.013,74	4,5	2.058,07	3,5
Outros custos	874,21	4,8	1.032,69	2,8	998,79	6,0	838,37	5,2
Percepcións non salariais	84,98	7,9	91,98	-3,6	114,66	13,9	81,53	9,7
Cotizacións obrigatorias	803,14	4,5	952,13	3,5	894,85	5,1	771,42	4,7
Subvencións e bonificacións	13,92	4,2	11,42	6,4	10,72	14,5	14,58	3,4

Fonte: INE.

**Cadro 2: Custo laboral por hora efectiva. Primeiro trimestre de 2026**
**Galicia**

Compoñentes do custo	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	22,49	5,7	24,93	4,4	22,21	8,6	21,92	5,9
Custo salarial total	16,15	5,6	17,87	5,7	14,97	11,5	15,84	5,0
Custo salarial ordinario	14,84	3,9	15,83	4,5	13,87	8,5	14,70	3,4
Outros custos	6,34	6,0	7,06	1,1	7,24	3,0	6,08	8,2

**España**

Compoñentes do custo	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Custo laboral total	24,88	5,4	26,48	4,1	21,86	7,5	24,85	5,6
Custo salarial total	18,24	5,4	19,25	4,2	15,06	8,0	18,34	5,6
Custo salarial ordinario	15,93	4,1	16,70	4,8	13,72	5,1	15,98	3,9
Outros custos	6,64	5,4	7,23	3,7	6,80	6,6	6,51	5,5

Fonte: INE.

**Cadro 3: Horas semanais por traballador e mes. Primeiro trimestre de 2026**
**Galicia**

Tipo de xornada	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Ambas xornadas	29,5	5,5	31,9	6,4	33,1	5,6	28,6	5,3
Xornada a tempo completo	32,7	6,1	33,1	6,6	33,8	5,7	32,5	6,0
Xornada a tempo parcial	16,7	3,3	21,1	3,9	17,0	3,2	16,3	3,2

**España**

Tipo de xornada	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Ambas xornadas	30,3	4,6	32,8	5,4	33,7	4,6	29,6	4,5
Xornada a tempo completo	33,6	5,2	33,8	5,7	34,7	4,8	33,5	5,2
Xornada a tempo parcial	18,5	2,6	20,6	2,5	20,5	1,7	18,4	2,6

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE.

*Nota: a efectos do cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes*

**Cadro 4: Custo laboral total por comunidades autónomas. Primeiro trimestre de 2026**

Espazo	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice (2016=100)	Taxa interanual	Euros	Índice (2016=100)	Taxa interanual
España	3.278,01	127,4	4,9	24,88	113,9	5,4
Andalucía	2.775,84	120,6	3,2	21,48	110,6	4,7
Aragón	3.031,91	123,1	4,6	23,12	110,4	5,1
Asturias, Principado de	2.940,74	110,8	1,8	23,07	101,9	2,5
Baleares, Illas	3.282,44	146,1	2,5	24,52	120,7	3,8
Canarias	2.715,95	135,7	4,5	20,46	110,7	4,7
Cantabria	2.970,50	119,4	8,2	22,64	109,6	6,6
Castela e León	2.891,33	122,6	5,5	22,03	110,0	5,8
Castela-A Mancha	2.868,87	123,1	4,6	21,44	111,3	4,1
Cataluña	3.595,99	132,6	6,1	27,04	115,3	6,0
Comunidade Valenciana	2.937,99	128,2	4,0	22,60	116,0	4,7
Estremadura	2.649,03	126,1	3,5	20,73	117,5	5,2
Galicia	2.884,98	122,1	3,7	22,49	114,9	5,7
Madrid, Comunidade de	4.015,52	130,7	5,8	29,40	117,1	5,8
Murcia, Rexión de	2.790,94	119,4	4,4	21,57	111,0	3,2
Navarra, Comunidade Foral de	3.406,36	118,7	4,3	26,55	108,9	5,9
País Vasco	3.791,04	124,0	7,1	30,19	110,5	8,6
Rioxa, A	2.929,36	125,6	5,3	22,01	111,4	5,2

Fonte: INE.

**Cadro 5: Custo salarial por comunidades autónomas. Primeiro trimestre de 2026**

Espazo	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice (2016=100)	Taxa interanual	Euros	Índice (2016=100)	Taxa interanual
España	2.403,80	126,3	4,9	18,24	112,9	5,4
Andalucía	1.995,92	118,0	3,1	15,44	108,0	4,5
Aragón	2.185,71	120,6	5,6	16,66	108,0	6,1
Asturias, Principado de	2.115,99	107,4	0,7	16,60	98,6	1,3
Baleares, Illas	2.420,44	146,5	1,7	18,08	121,2	3,0
Canarias	1.952,54	135,3	4,3	14,71	110,4	4,4
Cantabria	2.133,97	116,8	8,4	16,26	107,1	6,8
Castela e León	2.094,96	120,4	5,8	15,96	108,0	6,0
Castela-A Mancha	2.076,37	122,1	5,7	15,52	110,4	5,1
Cataluña	2.641,81	131,7	5,7	19,86	114,5	5,5
Comunidade Valenciana	2.144,00	127,4	4,0	16,49	115,2	4,7
Estremadura	1.923,49	125,0	4,8	15,05	116,4	6,4
Galicia	2.071,24	119,1	3,6	16,15	112,0	5,6
Madrid, Comunidade de	3.033,15	130,9	5,8	22,21	117,3	5,9
Murcia, Rexión de	2.007,70	116,6	4,1	15,51	108,4	2,9
Navarra, Comunidade Foral de	2.455,33	115,9	4,6	19,14	106,3	6,2
País Vasco	2.765,81	123,1	8,7	22,02	109,7	10,2
Rioxa, A	2.111,78	122,9	5,3	15,87	109,1	5,2

Fonte: INE.

**Cadro 6: Outros custos por comunidades autónomas. Primeiro trimestre de 2026**

Espazo	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice (2016=100)	Taxa interanual	Euros	Índice (2016=100)	Taxa interanual
España	874,21	130,6	4,8	6,64	116,7	5,4
Andalucía	779,92	128,1	3,5	6,04	117,5	5,0
Aragón	846,20	130,2	2,1	6,46	117,0	2,7
Asturias, Principado de	824,75	120,8	4,9	6,47	111,4	5,7
Baleares, Illas	862,00	144,9	4,9	6,44	119,5	6,3
Canarias	763,41	136,8	5,2	5,75	111,4	5,3
Cantabria	836,53	126,6	7,7	6,38	116,4	6,2
Castela e León	796,37	128,8	4,6	6,07	115,6	5,0
Castela-A Mancha	792,50	125,8	1,9	5,92	113,6	1,4
Cataluña	954,18	135,1	7,3	7,18	117,5	7,2
Comunidade Valenciana	793,99	130,4	3,9	6,11	118,0	4,6
Estremadura	725,54	129,1	0,4	5,68	120,3	2,0
Galicia	813,74	130,6	4,1	6,34	122,9	6,0
Madrid, Comunidade de	982,37	130,1	5,7	7,19	116,5	5,7
Murcia, Rexión de	783,24	127,1	5,0	6,06	118,4	3,9
Navarra, Comunidade Foral de	951,03	126,7	3,5	7,41	116,1	5,1
País Vasco	1.025,23	126,5	3,1	8,17	112,7	4,5
Rioxa, A	817,58	133,1	5,3	6,14	118,1	5,1

Fonte: INE.

**Cadro 7: Vacantes por comunidades autónomas. Primeiro trimestre de 2026**

Espazo	Número de vacantes
España	159.785
Andalucía	24.511
Aragón	4.707
Asturias, Principado de	1.788
Baleares, Illas	3.144
Canarias	7.622
Cantabria	1.393
Castela e León	8.578
Castela-A Mancha	6.525
Cataluña	31.943
Comunidade Valenciana	18.597
Estremadura	1.166
Galicia	7.030
Madrid, Comunidade de	30.672
Murcia, Rexión de	4.069
Navarra, Comunidade	2.468
Foral de	
País Vasco	4.709
Rioxa, A	862

Fonte: INE.